



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CATRO DE XANEIRO DE 2018, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D <sup>a</sup> . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D <sup>a</sup> . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D <sup>a</sup> : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ
	D <sup>a</sup> , MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e catro de xaneiro de dous mil dezaoitto, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores (22/11/2017 e 15/12/2017)**

Dáse conta das actas dos plenos celebrados o 22/11/2017 e 15/12/2017 que se aproban por unanimidade.

**2º.- Dar conta de Resolución da Alcaldía pola que se aproba a prórroga para o exercicio 2018 do orzamento municipal do exercicio 2017.**

Dáse conta da Resolución da Alcaldía pola que se aproba a prórroga para o exercicio 2018 do orzamento municipal do exercicio 2017 Considerando que non resultou posible cumprir, antes do 31 de decembro do ano 2017, cos trámites necesarios para que o Orzamento municipal do vixente exercicio 2018 entrara en vigor o pasado 1 de xaneiro, polos motivos expostos na Providencia da Alcaldía que iniciou o presente expediente de prórroga do Orzamento.

Considerando o informe de Intervención de data 17/01/2018, emitido a pedimento desta Alcaldía, sobre a prórroga para o actual exercicio 2018 do Orzamento municipal do exercicio anterior (2017).

Examinada a demais documentación que obra no expediente e visto o informe-proposta de Secretaría emitido con data 17/01/2018.



De conformidade co establecido nos artigos 169.6 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 21.4, segundo parágrafo, do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, RESOLVO:

**PRIMEIRO:** Aprobar para o presente exercicio económico 2018 a prórroga do Orzamento municipal do exercicio anterior (2017), polos motivos que constan no expediente e co contido sinalado no informe de Intervención de data 17/01/2018, emitido para o efecto.

**SEGUNDO:** O Orzamento prorrogado para o vixente ano 2018 será, polo tanto, o resultante de aplicar aos créditos iniciais do Orzamento do exercicio de 2017 os axustes á alza/baixa sinalados no citado informe de Intervención, sendo o Orzamento de ingresos prorrogado de 4.377.000 euros e o Orzamento de gastos prorrogado de 4.377.000 euros.

**TERCEIRO:** Mentres que non se aprobe, con efectos de 1 de xaneiro, o Orzamento definitivo do exercicio 2018, estará en vigor o prorrogado, o cal poderá ser obxecto de calquera das modificacións previstas pola Lei, coas excepcións e demais indicacións establecidas nos puntos 6 e 7 do artigo 21 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

**CUARTO:** Dar conta da presente Resolución Pleno ao da Corporación. O Pleno dáse por informado.

**3º.- Aprobación, se procede, de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2018 e núm. 2/2018.**

Dáse conta do seguinte informe da Comisión informativa de economía e especial de contas do vinte e dous de xaneiro de 2018.

Dáse conta dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2018 e 2/2018, instruídos en virtude de providencia da Alcaldía de data 12/01/2018, pola que se estimou a necesidade de tramitar o recoñecemento de créditos para as facturas que se relacionan no Anexo que obra no expediente.

Estas facturas corresponden a gastos por subministros efectivamente realizados, por servizos efectivamente prestados e por dereitos debidamente adquiridos polos Terceiros relacionados no Anexo, no pasado exercicio 2017, contando todas elas coa preceptiva conformidade, polo que se fai necesario o recoñecemento das correspondentes obrigas.

Todas foron emitidas e presentadas en tempo e forma no Rexistro Contable de Facturas, pero quedaron pendentes de aprobación a 31 de decembro de 2017, ben por motivos laborais, xa que os días 30 e 31 de decembro coincidiron en sábado e domingo (Expte. 1/2018: importe total de 14.061,84 euros) ou ben por falta de crédito orzamentario (Expte. 2/2018: importe total de 108.006,01 euros).

Tendo en consideración o informe de Intervención de data 17/01/2018, emitido en sentido favorable, no que se especifican as aplicacións orzamentarias afectadas, que tamén se relacionan no citado Anexo.

E visto o informe-proposta de resolución que obra nos expedientes, emitido pola Secretaría con data 17/01/2018, para aprobar as referidas facturas do pasado exercicio 2017 e aplicar ao exercicio orzamentario vixente as correspondentes obrigas.



En función do disposto nos artigos 26.2 c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar os recoñecementos extraxudiciais de créditos núm. 1/2018 e 2/2018, correspondentes a gastos por subministros efectivamente realizados, por servizos efectivamente prestados e por dereitos debidamente adquiridos no pasado exercicio 2017 polos Terceiros relacionados no Anexo que obra nos expedientes e polos importes e demais termos detallados no mesmo.

**SEGUNDO.** Recoñecer as obrigas correspondentes aos gastos relacionados e descritos no mencionado Anexo, polo importe total de cento vinte e dous mil sesenta e sete euros con oitenta e cinco céntimos (122.067,85 €), con cargo ao Orzamento vixente (que á data actual está a ser o prorrogado do exercicio 2017, cos seus créditos iniciais axustados segundo o expediente de aprobación da prórroga) e con rexistro contable nas aplicacións orzamentarias detalladas no referido Anexo, mediante as retencións de crédito efectuadas nas mesmas para tal fin.

**TERCEIRO.** Ter en conta, nos estados de gastos que se elaboren para a formación do Orzamento municipal do exercicio 2018, o montante destes expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos números 1/2018 e 2/2018, tanto dende o punto de vista cualitativo como cuantitativo, para a dotación dos seus créditos iniciais.

A Presidencia di que tal e como se falou na comisión, todos os anos hai facturas que chegan nos últimos días e non se deron tramitado por ser en fin de semana, e a maior parte delas porque aínda que hai liquidez, non hai a partida orzamentaria para poder abonalas e non daba tempo a tramitar unha modificación de créditos.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE manifesta que é unha falta de previsión, se cabe este ano máis perentoria porque se aprobaron os orzamentos no mes de xullo. Son facturas para pagar subministros perfectamente previsibles (gas, electricidade, etcétera). Di que teñen que ter en conta que no ano 2016 entraron cun lastre nos orzamentos de 22.000 €; no ano 2017, con 60.000 €; e no 2018 xa son 122.000 €. A falta de previsión que o seu grupo xa denunciou cada vez vai a peor. Pídelle á Presidencia que o teña en conta cando presente os orzamentos deste ano, e non entende porque non ten presentados os orzamentos cando dixo que se ían a poñer a traballar sobre eles no mes de outubro.

Votarán a favor porque as facturas hai que pagalas.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, manifesta que concorda coa argumentación da voceira do PSdG-PSOE, aínda que non no voto a favor. Di que entende que a xustificación de non facer o pagamento destas facturas no período correspondente ten que ver, seguramente, coa obriga de cumprir a regra de gasto, que seguramente se incumpriría de facer eses pagamentos, e por iso as trasladan ao exercicio seguinte como xa sucedeu no ano 2016.

Di que se vai abster.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que este é un xeito moi fácil de pechar as contas. Posta a votación, apróbase con once votos a favor do PP e PSdeG-PSOE, e dúas abstencións do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA e do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito.



**4º.- Aprobación inicial, se procede, da desafectación do Centro de Saúde de Vedra do dominio público e cesión do mesmo á Xunta de Galicia.**

Dáse conta do seguinte informe da Comisión informativa de economía e especial de contas do vinte e dous de xaneiro de 2018.

Considerando que, por Providencia de Alcaldía de data 16 de xaneiro de 2018, iniciouse expediente relativo á desafectación do ben denominado Centro de Saúde de Vedra, propiedade deste Concello, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial para posterior cesión á Consellería de Sanidade.

Realizada a tramitación legalmente establecida, incorporados ao expediente os documentos precisos e visto o informe de Secretaría, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a desafectación do ben denominado Centro de Saúde de Vedra, propiedade deste Concello, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial.

**SEGUNDO.-** Aprobar inicialmente o expediente para a cesión do mencionado ben á Consellería de Sanidade.

A aprobación definitiva da cesión quedará subordinada á aprobación definitiva do expediente de desafectación, sen o cal non se poderá facer efectiva.

**TERCEIRO.-** Publicar este Acordo no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

Así mesmo, o expediente atoparase disposición dos interesados nas dependencias municipais.

**CUARTO.-** De non presentarse alegacións no prazo establecido de exposición ao público, o expediente de desafectación e de cesión, consideraranse definitivamente aprobados.

A Comisión de Economía e Especial de Contas, coas abstencións do PSdeG-PSOE e do concelleiro non adscrito, don Roberto Castro, informa favorablemente a citada proposta.

A Presidencia di que xa había un acordo no seu momento entre FEGAMP e Xunta de Galicia para ir transmitindo os centros de saúde á consellería correspondente, que é a quen lle corresponde a xestión e mantemento. Ata agora o mantemento era a cargo do concello cuns custes importantes. Este é un dos motivos para facer a cesión á Consellería. Hai outros motivos, como é a importante reforma que precisa. Valórase unha pequena ampliación e un reforma no seu conxunto; e para que iso se poida facer é preciso pasalo á Consellería de Sanidade.

Entende a Presidencia que só obteñen beneficios, xa que o mantemento xa o tería que facer a Consellería de Sanidade así como a reforma integral do mesmo, polo que solicita o voto a favor.



Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE pregunta se o procedemento é ese para que a Xunta de Galicia se faga cargo das súas competencias e que clase de compromiso teñen para a ampliación e se está por escrito.

A Presidencia contesta que non hai un compromiso por escrito, pero que confía plenamente en que cumpran as peticións que se lles fixeron e en que as fagan.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE di que espera que non o fagan dentro de cinco anos, e que se van a gañar en aforrar recursos, o seu grupo votará a favor.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que non é certo que para que a consellería competente na materia faga as oportunas reformas e ampliacións, que o inmobile teña que ser da propiedade da consellería. Sinala que a argumentación que expón a Presidencia para ceder o centro de saúde é a mesma que lle serviu no seu momento para afectar a propiedade do colexio de Santa Cruz, o cal é contradictorio.

Di que tal e como se están a reorganizar as áreas sanitarias e do xeito que evoluciona a centralización de servizos e a eliminación dos mesmos no rural, debería estar preocupado porque certos servizos se poidan ver reducidos. Di que ceder a propiedade do inmobile facilitaría que o servizo de saúde de Vedra e Boqueixón se poidan unificar e concentrar en Lestedo, co cal se lle facilita o camiño e se perde unha ferramenta de presión e de capacidade de decisión sobre este asunto. Se a isto se suman as promesas que fixo a Presidencia de abrir o centro de saúde de Santa Cruz, non pode confiar nas promesas que lle fan outros. Di que non votará a favor.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA pregunta se non existe ningún compromiso por escrito, se é unha cesión a cegas; ao que a Presidencia responde que non hai ningún compromiso por escrito.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA fai constar unha contradición moi grande neste tema. As transferencias en materia sanitaria vanse reducir e a consellería vai ter un inmobile que lle aumenta os seus custes. Di que como non cre que iso se xa así, vaise abster na votación.

A Presidencia replica que o Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA e o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, teñen unha capacidade de fantasía importante, sobre todo polo que poida pasar no futuro. Dilles que podían adquirir o compromiso de non crear fantasías mentres non suceda.

Eses movementos que predín que van suceder, non terán nada que ver con que a propiedade do inmobile sexa ou non sexa do concello; como as unitarias. Di que poderían ser pechadas ou non, pero esa é unha decisión do servizo, non de quen sexa o propietario do edificio.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que prometeran abrir o Centro de Saúde de Santa Cruz de Ribadulla e agora é unha escola de música.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE di que se o voto do seu grupo é a favor é porque cren que é a consellería a que se ten que facer cargo dese servizo e se efectivamente non vai facer obras nel se non é da súa propiedade. En base a ese compromiso e a esa realidade van votar a favor.

A Presidencia di que isto é algo que están a facer en moitos concellos e algúns están desexando facelo.

Posta a votación, apróbase con once votos a favor do PP e do PSdeG-PSOE e dúas abstencións do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA e o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito.

**5º.- Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a contratación de servizos enerxéticos e mantemento con**





**garantía total das instalacións de iluminación pública exterior mediante un contrato mixto de subministro e servizos do Concello e Vedra.**

Queda pendente para o pleno de febreiro ou ben para un pleno extraordinario sobre este tema.

**6º.- Dar conta do Período Medio de Pago do 4º trimestre de 2017.**

Dáse conta do citado período de pago que resulta ser de -8,76 días.

O Pleno dáse por informado.

**7º.- Moción de don Roberto Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, e de don José A. Pose Rodríguez, do BNG-AA para revogar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 25 de outubro de 2017 no punto 2º da orde do día “Aprobación inicial, se procede, da Relación de Postos de Traballo (RPT) do persoal municipal”.**

A Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Secretario do concello que di que non se pode presentar esta moción por falta de lexitimación para presentala, porque no acordo sobre a RPT non consta o voto en contra dos dous concelleiros que a presentan, tal e como recolle o artigo 63.1.b da Lei de bases do réxime local.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito advirte que non é unha reclamación o que presentan, senón unha moción.

O Sr. Secretario manifesta que a finalidade da moción é revogar o acordo sobre a aprobación inicial da RPT do concello, e con independencia do nome pero a finalidade é revogar un acordo do pleno. Tanto o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, coma o Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA non votaron en contra da citada aprobación inicial da RPT do concello, polo que non están lexitimados.

Como mostra pon o exemplo do acordo adoptado polo concello de Alcantarilla, onde tamén uns concelleiros, presentaron unha reclamación ante un tribunal administrativo, e este na súa resolución dispón: “vistos los preceptos legales de aplicación, este tribunal acuerda: Primero. Inadmitir el recurso presentado por Dª M.G.B. al no constar que votara en contra del acuerdo recurrido”.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que está expoñendo un caso dunha reclamación ou recurso, non de unha moción.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que non poden non admitir unha moción presentada por un concelleiro electo. Di que pode convencer ao Sr. Alcalde de que a rexeite porque ten maioría absoluta, pero non pode non admitila. Se hai unha moción presentada en tempo e forma hai que votala no pleno.

O Sr. Secretario manifesta que el límitase a informar, que non admite nin deixa de admitir. Afirmar que o acordo sería nulo porque non hai lexitimidade para facela. Emite o seu informe ao respecto porque esa é a súa obriga.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que o criterio do Sr. Secretario debería ser despois de que se produza a votación, porque o Sr. Secretario non é parte deste pleno, senón que está aquí para observalo.

O Sr. Secretario replica que sabe cal é o seu sitio no pleno, que el informa da legalidade nada máis e que se limita a desenvolver as súas funcións.

Intervén a Presidencia para dicir que hai un informe claro de Secretaría, e que non ten problema ningún en que se vote a moción.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que calquera concelleiro electo pode presentar a moción que estime oportuna; e que outra cuestión será se a resolución acordada é aplicable, legal, lexítima ou non.

O Sr. Secretario di que se se está falando da mesma é porque a moción se está presentando. Outra cuestión é que se poida votar ou proceder ao seu debate.



Loxicamente é moi libre de rexistrar unha moción ou reclamación; e sinala que a cuestión está no trámite que se lle poida dar á mesma. Di que na acta do pleno vai constar que se presentou, pero outra cousa diferente é que se vote ou non e os efectos desa votación.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregúntalle ao Sr. Secretario que opina do que di a moción. Di que hai un defecto de forma, que segundo o artigo antes mencionado non lles permitiría presentar a moción. Pregunta que pasa cando se discute un documento no pleno que non lles foi facilitado aos concelleiros e gustaríalle coñecer a opinión da persoa encargada de dirimir a legalidade nos procesos do pleno.

O Sr. Secretario di que se entra nesa cuestión está entrando no debate da moción pola súa parte como técnico. Di que o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, presentou no seu día unha reclamación ao respecto. Le parte do informe elaborado ao respecto n o seu día que di: ...”poderán impugnar os actos e acordos das entidades locais os membros das corporacións que votaran en contra de tales actos e acordos”.

En relación co que lle pregunta di que “...do contido concreto da reclamación, despréndese que existía a documentación, que na dita reclamación defínese como “borrador” Afirma que na documentación do pleno en ningún sitio poñía que era un borrador, senón RPT.

A RPT non é un instrumento para definir ao por menor as funcións que ten cada persoa. Esa información vai na RPT, pero pode ir máis descrita ou menos descrita. Por outra parte a RPT confórmana os funcionarios e o persoal laboral fixo; o persoal laboral non fixo, que é a maioría neste concello, non entra na RPT. Non obstante, durante as negociacións chegouse a un acordo para que ese persoal laboral non fixo figurase nun anexo e se mandase tamén a publicación, e así se fixo.

Di que se había algún erro, afectaban a cousas moi concretas e non fundamentais na parte que era o anexo. O fundamental da RPT é a definición dos postos, as prazas que se prevén crear e o organigrama do concello; e iso estaba totalmente correcto e sen ningún tipo de problema.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que non lle contestou á pregunta que lle formulou. O anexo forma parte dun documento do que se fixeron modificacións a noite anterior á súa votación, e que se votou sen tivesen tempo a lelo correctamente. Pregunta que pasaría se eses erros fosen na parte esencial do documento. Di que non se pode votar un documento do que non teñen coñecemento e que foi modificado o día anterior. Para votar un documento teñen que ter o documento correcto. Está seguro de que non modificaron nada esencial, de feito non o fixeron, pero a cuestión é o proceso, no que lles piden que voten un documento do que non tiñan un coñecemento íntegro do mesmo. O Sr. Secretario di que o documento que estaba no expediente era un documento totalmente correcto para poder votar a RPT, e non só estaba a disposición dos concelleiros, senón que se lles mandou unha copia aos grupos; e que o documento que foi a pleno para a súa aprobación inicial da RPT era totalmente válido.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, entende que ese debate non lle corresponde ao Sr. Secretario, senón á Presidencia, e dubida que entendan cal é a motivación tanto da reclamación como da moción. Se estivese claro que os concelleiros e grupos políticos tiveran acceso ao documento que se sometía a votación, non estarían trinta minutos neste pleno, nin en comisións e plenos anteriores debatendo sobre o mesmo. No pleno correspondente preguntouse ao respecto e non había o documento que se sometía a votación, e de feito a Presidencia que é quen contesta á reclamación que presentou non di o contrario. Di que desvirtúa a motivación dicindo que non teñen



porque ter copia, pero a motivación é que non puideron ter coñecemento do documento que se traía a votación. Isto formulouse nese pleno antes de sometelo a votación.

Intervén a Presidencia para dicir que chegados a este punto, co informe de secretaría e co debate xa feito, so queda votar a moción.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE pregúntalle á Presidencia se xa dá o debate por terminado.

A Presidencia di que se alguén ten algunha cuestión máis que dicir que pode facelo e que o grupo de goberno se ratifica punto por punto no que dixo o Sr. Secretario.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito di que terán que expoñer a moción; ao que a Presidencia contesta que hai un informe xurídico, que xa se debateu hoxe aquí e o outro día en comisión informativa.

Pregunta o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, se o informe ao que se refire é o que coarta presentar unha moción e debatela.

A Presidencia manifesta que o informe o que di é que xuridicamente, apróbese o que se aprobe, non se debe traer aquí, e non lle importa ao Sr. Secretario que se vote.

O Sr. Secretario di que non ten problema en que se debata, aínda que pensa que o legal é rexeitar a moción porque quen a presenta non está lexitimado para facelo.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, manifesta que a motivación desta moción vén dada porque no pleno do vinte e cinco de outubro de dous mil dezasete se someteu a votación o documento da RPT sen que estivera a disposición nin tiveran a posibilidade os concelleiros de coñecer o documento que se sometía a votación.

Polo tanto, sendo necesaria a aprobación inicial do documento da RPT polo pleno, e quedando probado e acreditado que nesa sesión plenaria do vinte e cinco de outubro foi aprobado un documento inexistente, ao que non tiveron acceso os concelleiros; ou un documento que en ningún caso é o que se expuxo ao público; no propio debate a Presidencia e o Sr. Secretario recoñecen que haberá erros e correccións. Vulnérase gravemente os requisitos esenciais para a formación da vontade do órgano colexiado e por iso o documento da RPT que se expuxo ao público deberá ser devolto ao pleno para que con coñecemento completo do seu contido e dispoñendo del, o órgano vote axeitadamente sobre a súa aprobación inicial. É por iso polo que solicita ao pleno o seguinte acordo: revogar o acordo adoptado polo pleno na sesión celebrada o vinte e cinco de outubro de dous mil dezasete no punto segundo da orde do día “Aprobación inicial, se procede da Relación de postos de traballo (RPT) do persoal municipal. Por todo isto solicita o voto favorable.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE di que xa apoiou o outro día a urxencia da moción, que non sabían deste artigo. O voto do seu grupo vai ser a abstención porque presentaron un documento que pode sufrir variacións.

Di que dada a maioría absoluta do grupo de goberno poden facer o que queiran, e a solución do seu grupo foi a abstención. Non podían votar a favor nin en contra cando non coñecían o documento final. Existiu unha irregularidade que fixeron ver na primeira intervención.

Di que o equipo de goberno coa maioría absoluta segue o procedemento cando lles interesa. Podían telo aprobado por resolución da alcaldía, pero tiña que vir ao pleno porque había que votala xa que existían uns prazos que cumprir porque senón os traballadores non cobraban, etcétera. Sinala que o grupo de goberno fai sempre todo a última hora e a correr o que manifesta unha falta de compromiso e traballo.

O voto do seu grupo vai ser a favor.





A Presidencia di que discrepa de todas as conclusións manifestadas polo PSdG-PSOE, BNG-AA e concelleiro non adscrito. Entende que non houbo irregularidades e ratifica punto por punto os aspectos sinalados polo Sr. Secretario.

Posta a votación a citada moción, rexéitase con sete votos en contra do PP e seis votos a favor do PSdG-PSOE, BNG-AA e o concelleiro non adscrito.

#### **8.- Contestación ás preguntas dos plenos anteriores.**

--Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA sobre os salarios, a Presidencia di que lle contestará na seguinte comisión informativa, en calquera caso antes do pleno de febreiro.

--Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA sobre a data de envío da RPT elaborada pola Deputación da Coruña, A Presidencia di que foi no ano 2009.

--Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA sobre a cantidade de actuacións que se realizaron a través da APLU que son derivadas daquela aprobación, a Presidencia responde que salvo erro ou omisión son oito os expedientes.

--As preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE, a Presidencia responde:

1º.- Sobre os datos de achegas da Deputación da Coruña, di que cando dividía a Deputación en POS, PAS, PAI, e despois todas aquelas liñas de subvención, no último ano recibiran 700.000 €. Di que se alegra de que se cumpriran todas as previsións porque ao principio daban 605.000 €. Completáronse os 700.000 € e mesmo se superaron chegando a 736.000 € polo que felicita á Deputación.

2º.- Sobre o funcionamento do portal de transparencia, di que cre recordar que no ano 2017 xa se publicou a relación de contratos menores por trimestre no portal. En calquera caso reconece o retraso no funcionamento completo e actualizado do mesmo. Sinala que o persoal de oficinas está con moito traballo, pero asume o compromiso de que ao longo do 2018 funcione todo correctamente.

--As preguntas do Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE, a Presidencia responde:

As dúas primeiras contestarallas no seguinte pleno.

3º.- Sobre colocar un acceso directo aos vídeos que están colgados en youtube e un buscador de contidos na páxina web do concello, di que espera que a partir deste pleno todo funcione mellor e que tamén se cambiou o responsable desta tarefa dentro da reestruturación de funcións que se fixo no concello.

4º.- Sobre a moción referente á ría de Arousa, di que entende que aprobar a moción é suficiente e que non é necesario a declaración institucional. Di que se enviou unha nota de prensa hai dez días, pero que non saíu nada.

--As preguntas do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, a Presidencia responde:

1º.- Sobre a actuación prevista en San Miguel de Sarandón no campo de F-7, di que é un proxecto ao que lle ten ganas, pero que ata o momento non foi posible realizalo. Entende que deben facer un proxecto de actuación integral aínda que se faga por fases. Mesmo queren intentar adquirir o resto dos terreos da parcela, xa que afecta á metade da cancha polideportiva, o que lles permitiría arranxala tamén.

2º.- Sobre o se ese espazo de coworking que está proxectado no vagón de Santa Cruz, non vai resultar beneficiado ningún parente directo en primeira liña de parentesco de ningún deputado/a do PP, di que non entende a pregunta nin sabe a quen se refire e o único que espera é que se beneficien os mozos/as de Vedra.

3º.- Sobre o poste da luz que agora queda no medio da vía, perigoso e con grave risco de provocar accidentes, di que intentan arranxalo o máis pronto posible, pero que ten que facelo Gas Natural ou Fenosa e soen tardar abondo.



4º.- Sobre o informe xustificativo do retorno do investimento no proxecto de restauración no vagón de tren instalado en Santa Cruz, di que non lle consta no expediente, pero recorda que está financiado nun 90 % polo Agader e asegura que dende o primeiro día que se poña en funcionamento producirase un retorno do investimento poñendo esa ferramenta a disposición dos veciños/as de Vedra.

5º.- Sobre das remuneracións que percibiron os concelleiros do PP durante os anos 2015, 2016 e 2017 di que llas facilitará nestes días.

6º.- Sobre as parcelas que están xunto á nave do concello en Xián e se tivo algún tipo de negociacións con esa persoa en canto á posibilidade de desenvolver proxectos público-privados, di que non tivo ningún tipo de negociación.

7º.- Sobre a fuxida de empresas de Vedra, di que deben saber que as leis urbanísticas, xa en solo rústico, so permite industrias agropecuarias e forestais, e as dúas das que falou o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, non o son. Os dous casos que formularon son totalmente diferentes. Un deles non é que marche, senón que necesitaba unha ampliación dado que no lugar no que se atopa non ten capacidade de ampliación, e cónstalle que non atoparon ningunha nave libre no concello que se axustara ás súas necesidades, e dado que aínda non se pode construír no polígono industrial e tiñan unha necesidade inmediata. Por estas circunstancias tiveron que buscar a ampliación fóra do concello. Por iso, para o grupo de goberno, é absolutamente prioritario desenvolver esa primeira fase do polígono e facelo o máis pronto posible e por iso levan xa un tempo traballando duro nese tema, ao que vostedes lles poñen paus nas rodas e pedras no camiño.

--Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, a Presidencia responde:

1º.- Sobre o funcionamento do streaming e do youtube do concello di que xa está contestada.

2º.- Sobre o portal de transparencia di que é un rogo.

3º.- Sobre a construción dun campo de F-7 en San Miguel de Sarandón di que xa está contestada.

4º.- Sobre se as choivas deterioraron o aglomerado do velódromo recentemente construído di que non.

## **9.- Rogos e preguntas.**

--Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE pregunta:

1.- Roga que se concrete a homenaxe a Mariano Lema que está pendente, xa que cre que hai que poñerlle unha data. Roga que o concreten na próxima comisión.

2.- Quen realiza a limpeza das casas de cultura do concello?

3.- Hai uns anos comezaron a facer unhas obras na estrada na Susana. No seu momento había dúbidas da titularidade da mesma (Fomento, Concello), e quería se acondicionar por ser a entrada a Vedra. Hoxe en día está abandonado totalmente. Solicita que se acondicione.

4.- Están mercados os desfibriladores que se aprobaron no pleno de outubro para o pavillón municipal, campo de fútbol de San Mamede e vehículo de Protección Civil?



Cando está prevista a súa entrega? Hai receptores dos mesmos que están pendentes deles e hai que formar ao persoal para o seu uso.

5.- Existe unha resolución de Alcaldía na última Xunta de Goberno do día 27/12/2017 (nº456), adxudicando obra de Asfaltado de vias municipais en San Xián, San Fins, Ponte Ulla e outros (Plan único de concellos) POS +2018 a Oviga, S.A. É o POS + 2017 Que foi aprobado no pleno d decembro de 2016 e que se asina a adxudicación da obra o 17/11/2017, case un ano despois e agora que chove non se pode facer. Pregunta a que se debeu ese retraso na adxudicación?

Existe tamén outra Resolución de Alcaldía (nº 476) Aprobando orzamento presentado por Icafer para apoio brigada obras reposición infraestruturas viarias. Pregunta en que consistiu ese apoio, para que obra foi e a canto ascende o custe.

6.- No pleno de decembro contestoulle o Sr. Secretario a unha pregunta feita previamente sobre a adxudicación da obra de construción dunha aula de infantil no CEIP Ortigueira por Construcciones Luís y Alfonso, pagadas con dúas facturas de 24.974 e 24.950 € respectivamente. Efectivamente o importe das dúas facturas é menor de 50.000 €, pero nas facturas que acaban de aprobar co recoñecemento extraxudicial de créditos existen dúas facturas, unha por un importe de 3630 € pagados a Luís y Alfonso pola obra de construción de aula infantil do CEIP Ortigueira (factura 2017/3558 do 27/11/2017). Existe outra factura do 30/11/2017 (factura 2017/3582) de Fermín Blanco polo proxecto de construción de dita aula infantil. Sumadas as cantidades a obra ascende a 56579 €. Pregunta se segue sendo correcto o proceso de adxudicación.

Intervén o Sr. Secretario para manifestar que os 50.000 € son sen IVE e que o proxecto non ten que ver coa obra.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE di que cando construíu a súa vivenda necesitaba dun orzamento no que estaba incluído o proxecto da mesma. Di que a lei do consumidor obriga a que se dean os prezos sempre con IVE incluído.

O Sr. Secretario di que normalmente en todos os procedementos de contratación o orzamento é sen IVE. Con independencia de que os proxectos copan unha parte dos gastos, unha cousa é o proxecto e outra a obra; salvo que se falle unha adxudicación onde se obrigue ao empresario a facer o proxecto.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE recórdalle as palabras do pleno de decembro e di que o proxecto terá que ir incluído na obra, forma parte da obra.

Quere deixar constancia de que este tipo de adxudicacións non figuran no portal da transparencia. Coas facilidades que dan certas administracións para destinar parte dos cartos a gasto corrente, despois vense obras adxudicadas a dedo, que se se tivesen que xustificar diante da Deputación terían outro procedemento de adxudicación.

Di que unha cousa é ganar autonomía e outra moi diferente é facer con esa autonomía o que se está a facer porque a lei tampouco obriga a que teña que ser maior de 50.000 € para poñela enriba da mesa e que opten a ela as empresas que queiran.

Sinala que a responsabilidade de adxudicar unha obra deste xeito é do Sr. Alcalde, e non lles parece o procedemento máis axeitado.

Recórdalle á Presidencia como está a ficha técnica que está elaborando a Consellería de Educación para a remodelación do colexio referencia do concello, que segue cos aseos de hai trinta anos; e en poucos anos investiuse máis de 80.000 € no de Ortigueira.

7.- Na comisión informativa solicitou un informe que figuraba na carpeta do pleno sobre o procedemento de contratación para o contrato mixto para a subministración de



servizos que no pleno de hoxe se retirou da orde do día. Enviáronlle hoxe un informe da enxeñería que xustifica o gasto, pero o que solicitou é un informe xurídico para este tipo de contratacións. Solicita o acceso a el e poder revisalo.

Intervén o Sr. Secretario para dicir que ese informe que se enviou pensa que xa se mandou cando se enviou o prego de cláusulas. Era un informe resumido xustificando o aforro, etcétera. Ese é o informe que se enviou, non outro tipo de informe.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE di que ela fala do informe xurídico.

O Sr. Secretario di que están pendentes del porque este sistema de contratación é complexo xa que leva varias cuestións á vez e están intentando facelo da mellor forma posible, pero de momento non o teñen. Cando dispoñan del irá a comisión e exporase.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE insiste en que hai un informe xurídico que ela viu.

O Sr. Secretario di que non o hai. En todo caso, o que puido ver na carpeta do pleno sería un estudo, xa que como é un tema complexo están sacando informes de tribunais económicos, consellos consultivos en temas de contratación e outros, para ver como se pode facer da mellor forma posible; porque hai informes que son contraditorios. Pode ser que vise algún deses informes, pero non eran sobre este procedemento de contratación.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE diríxese á Presidencia e ao Sr. Secretario para dicir que o informe que ela viu o outro día na carpeta do pleno referíase a este tipo de contrato do concello de Vedra. Pide que na mesa de contratación que se vai celebrar ao día seguinte, se lle permita ver se está nesa carpeta e se lle ensinen todos os informes que foron pedindo.

--O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE pregunta:

1.- Respecto do Centro Social de Vedra, recibiron queixas sobre a encargada da cafetería e pregunta que horario ten esa persoa, cantos días de libre disposición e vacacións ten, cantos días de libre disposición, vacacións e período de baixa tivo no ano 2017. Tamén pregunta como se procede a día de hoxe para cubrir ese posto en caso de ausencia.

Tamén pregunta que está a pasar coa bolsa de emprego temporal que leva parada máis de seis meses.

A Presidencia contesta que se están a facer as probas, e cónstalle que para tres postos xa se fixeron.

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE pregunta onde está publicado iso, xa que na web do concello non hai publicada ningunha proba.

A Presidencia di que supón que será comunicada e convocada persoalmente aos admitidos e que en breve sairán os resultados das probas.

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE solicita que se axilicen estes trámites sobre este tema.

2.- O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE di que supón que estarán ao tanto das polémicas xurdidas a raíz dunhas publicacións feitas en “Galicia Confidencial”. Di que lendo os artigos ve respostas que o deixan abraiado como a que aparece no artigo no que se defende o grupo de goberno, na que hai unhas palabras do Sr. Vázquez Martínez do PP que din textualmente: “quizais se fixo un cálculo por arriba”. Di que lle gustaría saber quen fixo ese cálculo das horas de traballo, se foi unha persoa cualificada ou o propio Sr. Vázquez Martínez.

Outra resposta que lle chama a atención é cando o Sr. Vázquez Martínez, do PP, di: “as críticas da oposición veñen motivadas pola proximidade das eleccións municipais e



queren xustificar con estas críticas o pouco que fixeron en tres anos. Os do PSdeG-PSOE teñen os seus intereses”.

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE di que o único interese que ten o PSdeG-PSOE é o mesmo ca todos os partidos da oposición, que é botar do goberno ao partido actual. Sinala que a oposición está para fiscalizar o traballo do grupo de goberno, propoñer cuestións, axudar aos veciños, etcétera. Nos últimos tres anos presentaron 186 rogos e preguntas, 3 escritos e propostas, 6 mocións das cales 5 se aprobaron por unanimidade e 1 por maioría. Poden ser números mellores ou peores, pero conseguíronse cousas como a bonificación do IBI, desfibriladores, limpeza de zonas comúns, melloras na seguridade viaria, etcétera. O grupo de goberno sabe que o grupo do PSdeG-PSOE sempre está a disposición para calquera asunto.

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE di que lle vai falar de realidades ao grupo de goberno, e pregunta se é verdade que a persoa á que se lle concedeu o contrato para os traballos no arquivo municipal, era e é aínda, a parella do portavoz do PP. Outra realidade é que non hai data de entrada das outras propostas para o mesmo traballo; que no expediente hai un papel, borrador ou borrador do borrador ou como lle queiran chamar; no que figura o nome dunha persoa relacionada co PP. Para el iso é favoritismo.

Tamén quere saber que intereses teñen, segundo o Sr. Vázquez Martínez, do PP, para terxiversar e botar merda enriba do grupo de goberno. Tendo o modo “rodillo” da maioría absoluta activado, un ano despois de aprobar o POS+ 2017, están comezando a facelo; teme que o POS+ 2018 sexa para principios do ano que vén pola proximidade das eleccións municipais de maio. Pídelle que non sexan hipócritas, porque todos están ao mesmo e todos xogan ao mesmo.

3.- En relación á páxina web, indica que aínda figura no grupo socialista Odón Cobas, polo que roga que se actualice.

4.- Sorprendeulle a nova nun xornal de tirada económica na que o Sr. Martínez Carrillo é o protagonista da suba do censo de poboación en Vedra. Lendo a noticia aparece “temos unha mesa de traballo no concello”. Pregunta se existe esa mesa de traballo, e en caso de que exista, por que non están os grupos da oposición nela. Roga que no caso de que exista, o seu grupo quere formar parte dela.

Na mesma nova aparece “fixemos unha campaña de empadroamento porta a porta”. Di o Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE que á súa porta non petaron, pero si que lle chegou unha carta que lle metía o medo no corpo se baixaba o censo dos 5.000 habitantes. Pregunta que censo hai a día de hoxe e canto subiu.

Relacionado co anterior, di que o grupo de goberno presume da suba do censo de poboación en Vedra indo porta por porta pedindo que se empadroara a xente, pero que non houbo ningunha política de asentamento da poboación por parte do goberno do PP.

5.- Parece ser que Iván García deixou de ser traballador do concello e pregunta quen ocupa agora ese posto, como se ocupou ese posto, se vai saír a concurso e como o pensan cubrir.

6.- Pregunta se tomaron en conta a proposta do PSdeG-PSOE sobre a campaña sobre a avespa velutina; ao que o Sr. Vázquez Martínez, do PP, contesta que se aprobou a moción e se enviou a todos os colexios para informalos da mesma, agora están coa campaña e está a piques de saír. Di que está todo preparado e sairá xa no próximo boletín.

7.- Pregunta se este ano vai haber Entroido municipal organizado polo concello, ao que o Sr. Vázquez, do PP, contesta que vai haber Entroido municipal, pero o que non vai





haber é a representación dos xenerais que queda para as parroquias de San Xián, San Pedro de Vilanova e Santo André de Trobe.

--O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito pregunta:

1.- Fai un rogo respecto das marquesiñas do bus escolar. Di que hai varios punto con marquesiñas en desuso, sen parada, e hai varias paradas sen marquesiña. Roga que trasladen as que están en desuso ás paradas nas que se precisan.

2.- Respecto da nave do concello en Xián pregunta como están as xestións para recuperar para a propiedade pública municipal a parcela da nave do concello en Xián que foi inscrita no rexistro da propiedade por unha sociedade mercantil a favor desta. Tamén pregunta cal é a superficie que reclama o concello e se presentou demanda contra dita sociedade mercantil.

3.- Respecto da tala da carballeira centenaria que se fixo na parcela contigua á nave do concello en Trobe pregunta como está a tramitación do expediente contra o propietario. En plenos anteriores a Presidencia respondeu ao respecto que había dificultades para notificar ao propietario; e entende que o propietario é o mesmo que matriculou no rexistro da propiedade a parcela municipal ao seu favor. Parécelle raro que para un tema se fagan xestións contra o propietario, e para o outro (expediente sancionador e reposición da legalidade) non sexan capaces de notificar.

Intervén a Presidencia para aclarar que é unha cuestión de se recollen ou non as notificacións que se envían. Se non as recollen é cando se envían a publicar no sistema único de edictos, e entende que a día de hoxe está publicado.

4.- Respecto á fuxida de empresas do concello de Vedra por falta de solo que a Presidencia relaciona ao feito de non ter desenvolvido o polígono empresarial e que considera prioritario, pregunta cantos anos hai que é prioritario para a Presidencia o desenvolvemento de dito polígono.

5.- Respecto ás obras no campo de fútbol de Vedra, pregunta se a visita no día de hoxe de cargos públicos do PP foi unha visita institucional ou foi un acto do PP. Se foi institucional, pregunta por que non se dou conta da mesma á corporación municipal e cal foi o obxectivo. Se foi un acto do PP non lle interesa.

6.- Está constatado que as obras de reforma do campo de fútbol de Vedra na súa primeira fase foron adxudicadas en baixa temeraria. Unha baixa que segundo a Presidencia foi xustificada pola empresa, aínda que o documento de xustificación non consta no portal de transparencia, e que de existir o documento debería formar parte do expediente e estar a disposición en dito portal.

Está constatado que as obras foron contratadas ao abeiro dun proxecto que segundo manifestou a Presidencia foi modificado e non consta proba do documento de modificación. En todo caso, esa modificación foi posterior á presentación das plicas e que polo tanto as ofertas foron presentadas sobre o proxecto e sobre o orzamento dese proxecto, non sobre esa modificación.

Esa modificación resultou unha redución dos tempos de execución e polo tanto, a obra executada, ten un custe menor que a obra proxectada. O concello non pagou ese custe menor, senón que pagou o mesmo que se executara a obra do proxecto inicial.

En contra do que a Presidencia respondeu a preguntas ao respecto neste pleno, cando chove pódese comprobar que hai catro áreas na pista asfaltada onde se forma pozas e persistes despois de cesar a choiva.

Solicita que estes defectos sexan constatados polos técnicos que corresponda e se actúe en consecuencia.

Cónstalle un cambio na empresa da dirección de obra e pregunta a que foi debido este cambio e se ese cambio tivo lugar co prazo de execución da obra xa rematado.



Pregunta en que consisten os traballos que se están executando agora no campo de fútbol de Vedra, en que proxecto están recollidos, en que van consistir, cal é o seu orzamento, a que partida orzamentaria se computan e cal foi o proceso de adxudicación dos mesmos.

7.- Segundo o convenio entre o concello de Vedra e Augas de Galicia no ano 2017, se Augas de Galicia dispoñía de financiamento, executarían obras de saneamento en Vedra por un importe de 250.000 €. Pregunta cal é o estado de execución dese orzamento e que obras se executaron ao abeiro dese convenio no ano 2017.

8.- Respecto ás 2 facturas da empresa Construcciones Luís y Alfonso da mesma obra por un importe total de 49.924 €, a Presidencia evitou pronunciarse ao respecto e cedeulle a palabra ao Sr. Secretario en plenos anteriores ao igual que neste. Estando o importe da obra no límite legal dos 50.000 € para este tipo de contratos, pregunta se non considera a Presidencia que está levando a opacidade (adxudicación a dedo) ao extremo máximo e se non está a facer un uso perverso da legalidade.

Tamén pregunta se existe algunha outra razón que non fora adxudicar a obra a esta empresa a dedo, pola cal non se fixo unha adxudicación por outro procedemento aberto ou negociado con ou sen publicidade, dependendo da urxencia da mesma.

9.- Pregunta a canto ascende o importe total das facturas pagadas a Construcciones Luís y Alfonso por obras no campo de fútbol de Santa Cruz de Ribadulla nesta lexislatura. Considera que é a mesma obra en anacos en diferentes contratos.

10.- Respecto da moción aprobada en pleno relativa á mellora da seguridade dos ciclistas nas vías de Vedra non lle consta ningunha actuación ao respecto por parte do concello nas vías municipais e pide que se informe sobre o estado de execución do acordo adoptado polo pleno.

11.- Pregunta cal é o estado das xestións que o concello fixo ao abeiro dese acordo coas outras administracións titulares das vías en Vedra (Deputación, Xunta de Galicia e Fomento).

12.- Hai uns días, nun medio de comunicación, nun dos que o concello lle paga 4.000 € anuais dos cartos de todos, falaba da campaña de empadramento do ano 2017 en Vedra. Pregunta se no ano 2017, ao igual ca no 2016, o concello ofreceu farois a cambio de empadramentos ou algún outro tipo de prebenda.

13.- Respecto do arquivo municipal pregunta cal é o estado das obras, cando ten previsto que entre en funcionamento, se está arranxado o conflito de intereses ou usos coa caseta de entrada onde se gardan os santos, se hai preparado un plan de xestión e se hai orzamento para poñelo en funcionamento.

14.- Pregunta dende cando na casa do concello se veñen realizando roldas de identificación de sospeitosos/as de danos ou delitos. Di que a Presidencia como Alcalde e feitos que acontecen na casa do concello ten a responsabilidade de investigalos.

Cónstalle que no pasado outono veu unha persoa á casa do concello cunha fotografía co fin de que lle identificaran á persoa retratada na mesa. A persoa retratada na fotografía, que era borrosa, foi captada por unha cámara de seguridade, e o motivo era que se acusaba de producir danos nunha propiedade.

Persoas desta casa do concello e nesta casa do concello, puxeron nome, domicilio, relación de parentesco, ideoloxía e afiliación política ao garabato que figuraba na fotografía.

Algunha persoa que participou na identificación xustificou e argumentou a participación desa persoa, acusouna e xustificou a súa acusación e participación nos feitos e nos danos causados a esa propiedade, por motivos ideolóxicos e políticos.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Por todo isto, solicítalle á Presidencia que investigue os feitos, que poña en coñecemento do pleno todo o que coñeza ao respecto e dea os nomes das persoas que participaron na identificación.

--O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA recórdalle á Presidencia que está pendente de contestar, despois de tres plenos, se a depuradora de Bazar se debería imputar ao polígono.

1.- Pregunta quen asinou a recepción da obra do velódromo ou pista de rodadura feita no campo de fútbol de Vedra.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e trinta minutos.